# PLENO DO PARLAMENTO

***27 de xaneiro de 2026***

***10.00 horas***

*Servizo de Asistencia Parlamentaria*

PARLAMENTO DE GALICIA

# ÍNDICE

***Páx.***


**Convocatoria do Pleno** .......................................................................... 1
**Relación de membros da Cámara** ............................................................ 9
**Listado para votación** ............................................................................ 11

**Punto preliminar. Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada María Nazaret Cendán Gayoso**.......................................................................................... 14

**Punto 1. Elección de Secretaria ou Secretario da Cámara**................................. 15

**Punto 2. Texto Lexislativo**.......................................................................... 16

Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia (doc. núm. 33923, 12/PL-000009)
*Publicación dictame da Comisión, BOPG n.º 301f1, do 15.12.2025*
*Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n.º 301f1, do 15.12.2025*.................. 17

**Punto 3 Comparecencias**............................................................................ 21

46670 (12/CPP-000082)
Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 14 de xaneiro de 2026........................................................................................................ 22

**Punto 4. Mocións**...................................................................................... 25

4.1 42649 (12/MOC-000098)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34407, publicada no BOPG núm. 263f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 307f1, do 02.01.2026*............................................... 26

4.2 42651 (12/MOC-000099)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26536, publicada no BOPG núm. 208f2, do 11 de xuño de 2025,

e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 307f1, do 02.01.2026*..............................................31

4.3 42652 (12/MOC-000100)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 39557, publicada no BOPG núm. 295f2, do 3 de decembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 307f1, do 02.01.2026*..............................................36

**Punto 5. Proposicións non de lei**....................................................................42

5.1 2982 (12/PNP-000339)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024*..............................................43

5.2 30444 (12/PNP-002341)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 238f2, do 20.08.2025*..............................................47

5.3 35073 (12/PNP-002591)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do acordo de libre comercio UE-Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para que se opoña a este tratado
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f1, do 08.10.2025*..............................................53

5.4 36282 (12/PNP-002679)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f1, do 15.10.2025*..............................................59

5.5 38174 (12/PNP-002801)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 283f1, do 12.11.2025*..............................................64

5.6 43878 (12/PNP-003014)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que cree, no primeiro semestre deste ano, un Banco Público de Alugueiro de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 315f1, do 16.01.2026*...............................................70

**Punto 6. Interpelacións**.................................................................................75

6.1 35295 (12/INT-001285)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*...............................................76

6.2 36818 (12/INT-001349)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f2, do 22.10.2025*...............................................81

6.3 43054 (12/INT-001485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 310f1, do 09.01.2026*...............................................86

**Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta**........................92

7.1 46641 (12/POPX-000067)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón
Sobre o nivel de eficacia da xestión que está a levar a cabo o Goberno galego dos servizos públicos de Galicia.........................................................................................................93

7.2 46646 (12/POPX-000068)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar a situación que está a vivir a sanidade pública en Galicia.........................................................................................97

**Punto 8. Preguntas ao Goberno**........................................................101

8.1 35531 (12/POP-005149)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos
Sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*..............................................102

8.2 45289 (12/POP-006402)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 10 máis
Sobre as condicións da vivenda pública que o Goberno central pon á disposición en Vigo a través da empresa Casa 47..........................................................................................107

8.3 43062 (12/POP-005724)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 310f2, do 09.01.2026*..............................................112

8.4 43384 (12/POP-005882)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre o funcionamento do servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 311f1, do 12.01.2026*..............................................117

8.5 46609 (12/PUP-000181)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as previsións do Goberno galego ante os problemas de sobrecarga que se están a producir nos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia................................123

8.6 44056 (12/POP-006082)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre a rectificación e posterior tramitación da solicitude para que Galicia forme parte, como membro asociado, da Unesco
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 315f1, do 16.01.2026*..............................................128

8.7 44618 (12/POP-006280)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis
Sobre os traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega..................................................................................133

8.8 46634 (12/POP-006583)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre o exercicio que está a facer a Xunta de Galicia da competencia exclusiva en materia de patrimonio........................................................................................................................137

8.9 45300 (12/POP-006405)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a defensa prevista pola Xunta de Galicia dos intereses do sector primario galego no novo escenario aberto polo acordo entre a UE e Mercosur.................................................142

8.10 46637 (12/PUP-000183)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar consecuencias negativas sobre a frota artesanal galega derivadas do Regulamento europeo de control da pesca que entrou en vigor o 10 de xaneiro.................................................................................147

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar a súa sesión o próximo día 27 de xaneiro de 2026, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 20 de xaneiro de 2026, a orde do día da sesión é a seguinte:

**Punto preliminar. Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada María Nazaret Cendán Gayoso**

**Punto 1. Elección de Secretaria ou Secretario da Cámara**

**Punto 2. Texto Lexislativo**

Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia (doc. núm. 33923, 12/PL-000009)
*Publicación dictame da Comisión, BOPG n.º 301f1, do 15.12.2025*
*Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n.º 301f1, do 15.12.2025*

**Punto 3. Comparecencia**

46670 (12/CPP-000082)
Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 14 de xaneiro de 2026

**Punto 4. Mocións**

4.1 42649 (12/MOC-000098)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34407, publicada no BOPG núm. 263f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 307f1, do 02.01.2026*

4.2 42651 (12/MOC-000099)

CSV: REXPG-zttlpLCzN-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26536, publicada no BOPG núm. 208f2, do 11 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 307f1, do 02.01.2026*

4.3 42652 (12/MOC-000100)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 39557, publicada no BOPG núm. 295f2, do 3 de decembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 307f1, do 02.01.2026*

**Punto 5. Proposicións non de lei**

5.1 2982 (12/PNP-000339)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024*

5.2 30444 (12/PNP-002341)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 238f2, do 20.08.2025*

5.3 35073 (12/PNP-002591)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do acordo de libre comercio UE-Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para

CSV: REXPG-zttlpLCzN-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se opoña a este tratado
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f1, do 08.10.2025*

5.4 36282 (12/PNP-002679)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f1, do 15.10.2025*

5.5 38174 (12/PNP-002801)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 283f1, do 12.11.2025*

5.6 43878 (12/PNP-003014)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que cree, no primeiro semestre deste ano, un Banco Público de Alugueiro de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 315f1, do 16.01.2026*

**Punto 6. Interpelacións**

6.1 35295 (12/INT-001285)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*

6.2 36818 (12/INT-001349)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do

CSV: REXPG-zttlpLCzN-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f2, do 22.10.2025*

6.3 43054 (12/INT-001485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 310f1, do 09.01.2026*

**Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia**

7.1 46641 (12/POPX-000067)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón
Sobre o nivel de eficacia da xestión que está a levar a cabo o Goberno galego dos servizos públicos de Galicia

7.2 46646 (12/POPX-000068)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar a situación que está a vivir a sanidade pública en Galicia

**Punto 8. Preguntas ao Goberno**

8.1 35531 (12/POP-005149)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos
Sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*

8.2 45289 (12/POP-006402)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 10 máis
Sobre as condicións da vivenda pública que o Goberno central pon á disposición en Vigo a través da empresa Casa 47

8.3 43062 (12/POP-005724)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

CSV: REXPG-zttlpLCzN-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 310f2, do 09.01.2026*

8.4 43384 (12/POP-005882)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre o funcionamento do servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 311f1, do 12.01.2026*

8.5 46609 (12/PUP-000181)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as previsións do Goberno galego ante os problemas de sobrecarga que se están a producir nos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia

8.6 44056 (12/POP-006082)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre a rectificación e posterior tramitación da solicitude para que Galicia forme parte, como membro asociado, da Unesco
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 315f1, do 16.01.2026*

8.7 44618 (12/POP-006280)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis
Sobre os traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega

8.8 46634 (12/POP-006583)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre o exercicio que está a facer a Xunta de Galicia da competencia exclusiva en materia de patrimonio

8.9 45300 (12/POP-006405)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a defensa prevista pola Xunta de Galicia dos intereses do sector primario galego no novo escenario aberto polo acordo entre a UE e Mercosur

CSV: REXPG-zttlpLCzN-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8.10 46637 (12/PUP-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar consecuencias negativas sobre a frota artesanal galega derivadas do Regulamento europeo de control da pesca que entrou en vigor o 10 de xaneiro

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por: Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente ND: CN = Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente email = miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es Fecha: 2026.01.20 18:10:15 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: REXPG-zttlpLCzN-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 20/01/2026 18:10:15**

CSV: REXPG-zttlpLCzN-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 20/01/2026 18:12:13
Nº Rexistro: 11964
Data envio: 20/01/2026 18:12:13.009

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 18:12:13**

CSV: REXPG-zttlpLCzN-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# PLENO DO PARLAMENTO
POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|---|---|
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Victor Manuel Baladrón Lamas | P |
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Enrique Barreiro Sánchez | P |
| Aitor Bouza Manso | S |
| Diego Calvo Pouso | P |
| Cristina Campero Dorado | P |
| María Elena Candia López | P |
| Iria Carreira Pazos | BNG |
| Juan Manuel Casares Gándara | P |
| Daniel Castro García | BNG |
| Paloma Castro Rey | S |
| María Nazaret Cendán Gayoso | P |
| Saleta Chao Rivas | BNG |
| María Elena Espinosa Mangana | S |
| Ramón Tomás Fernández Alfonzo | BNG |
| María Cristina Fernández Davila | BNG |
| Secundino Fernández Fernández | BNG |
| Alexandra Fernández Gómez | BNG |
| Ariadna Fernández González | BNG |
| Jesús María Fernández Rosende | P |
| José Luis Ferro Iglesias | P |
| Miguel Fidalgo Iglesias | P |
| Julio García Comesaña | P |
| Patricia García González | P |
| José Manuel Golpe Acuña | BNG |
| José Ramón Gómez Besteiro | S |
| Carmela González Iglesias | BNG |
| Nicole Grueira Fernández | P |
| María Dolores Hermelo Piñeiro | P |
| Patricia Iglesias Rey | S |
| Óscar Insua Lema | BNG |
| Silvia Longueira Castro | S |
| Carlos López Font | S |
| Rubén Lorenzo Gómez | P |
| Argimiro Marnotes Fernández | P |
| José Manuel Mato Díaz | P |
| Lara Méndez López | S |
| Paula Mouzo Mas | P |
| Armando Ojea Bouzo | M |
| José Alberto Pazos Couñago | P |
| Rosana Pérez Fernández | BNG |
| Noelia Pérez López | P |
| María Magdalena Pérez Millares | P |

| | |
|---|---|
| Carmen María Pomar Tojo | P |
| Ana Belén Pontón Mondelo | BNG |
| María Montserrat Prado Cores | BNG |
| Paula Prado del Río | P |
| Noa Olalla Presas Bergantiños | BNG |
| Mercedes Queixas Zas | BNG |
| Paulo Ríos Santomé | BNG |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| María Felisa Rodríguez Carrera | P |
| Ángel Rodríguez Conde | P |
| María del Carmen Rodríguez Dacosta | S |
| Román Rodríguez González | P |
| Roberto Rodríguez Martínez | P |
| Moisés Rodríguez Pérez | P |
| Brais Ruanova Vilas-Boas | BNG |
| Alfonso Rueda Valenzuela | P |
| Miguel Ángel Santalices Vieira | P |
| Raúl Santamaría González | P |
| Manuel Santos Costa | P |
| Cristina Sanz Arias | P |
| Iago Suárez Fernández | BNG |
| Iago Tabarés Pérez-Piñeiro | BNG |
| Iria Taibo Corsanego | BNG |
| Gonzalo Trenor López | P |
| Montserrat Valcárcel Armesto | BNG |
| Katherinie Varela Fernández | P |
| Cecilia Vázquez Suárez | P |
| Borja Verea Fraiz | P |
| Sonia Vidal Lamas | BNG |
| Miguel Ángel Viso Diéguez | P |

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia**
**XII Lexislatura**
(actualizada o 9 de xaneiro de 2026)
**Para votación por chamamento**

| APELIDOS E NOME | GP | SI | NON | ABS |
|---|---|---|---|---|
| 1. Amigo Díaz, Encarnación | P | | | |
| 2. Arias Rodríguez, Raquel | P | | | |
| 3. Baladrón Lamas, Victor Manuel | P | | | |
| 4. Bará Torres, Xosé Luís | BNG | | | |
| 5. Barreiro Sánchez, Enrique | P | | | |
| 6. Bouza Manso, Aitor | S | | | |
| 7. Campero Dorado, Cristina | P | | | |
| 8. Carreira Pazos, Iria | BNG | | | |
| 9. Casares Gándara, Juan Manuel | P | | | |
| 10. Castro García, Daniel | BNG | | | |
| 11. Castro Rey, Paloma | S | | | |
| 12. Cendán Gayoso, María Nazaret | P | | | |
| 13. Chao Rivas, Saleta | BNG | | | |
| 14. Espinosa Mangana, María Elena | S | | | |
| 15. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás | BNG | | | |
| 16. Fernández Davila, María Cristina | BNG | | | |
| 17. Fernández Fernández, Secundino | BNG | | | |
| 18. Fernández Gómez, Alexandra | BNG | | | |
| 19. Fernández González, Ariadna | BNG | | | |
| 20. Fernández Rosende, Jesús María | P | | | |
| 21. Ferro Iglesias, José Luis | P | | | |
| 22. Fidalgo Iglesias, Miguel | P | | | |
| 23. García Comesaña, Julio | P | | | |
| 24. García González, Patricia | P | | | |
| 25. Golpe Acuña, José Manuel | BNG | | | |
| 26. Gómez Besteiro, José Ramón | S | | | |
| 27. González Iglesias, Carmela | BNG | | | |
| 28. Grueira Fernández, Nicole | P | | | |
| 29. Hermelo Piñeiro, María Dolores | P | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 30. Insua Lema, Óscar | BNG | | | |
| 31. Longueira Castro, Silvia | S | | | |
| 32. López Font, Carlos | S | | | |
| 33. Lorenzo Gómez, Rubén | P | | | |
| 34. Marnotes Fernández, Argimiro | P | | | |
| 35. Mato Díaz, José Manuel | P | | | |
| 36. Méndez López, Lara | S | | | |
| 37. Mouzo Mas, Paula | P | | | |
| 38. Ojea Bouzo, Armando | M | | | |
| 39. Pazos Couñago, José Alberto | P | | | |
| 40. Pérez Fernández, Rosana | BNG | | | |
| 41. Pérez López, Noelia | P | | | |
| 42. Pérez Millares, María Magdalena | P | | | |
| 43. Pomar Tojo, Carmen María | P | | | |
| 44. Pontón Mondelo, Ana Belén | BNG | | | |
| 45. Prado del Río, Paula | P | | | |
| 46. Presas Bergantiños, Noa Olalla | BNG | | | |
| 47. Queixas Zas, Mercedes | BNG | | | |
| 48. Ríos Santomé, Paulo | BNG | | | |
| 49. Rodil Fernández, Olalla | BNG | | | |
| 50. Rodríguez Carrera, María Felisa | P | | | |
| 51. Rodríguez Conde, Ángel | P | | | |
| 52. Rodríguez Dacosta, María del Carmen | S | | | |
| 53. Rodríguez Martínez, Roberto | P | | | |
| 54. Rodríguez Pérez, Moisés | P | | | |
| 55. Ruanova Vilas-Boas, Brais | BNG | | | |
| 56. Santamaría González, Raúl | P | | | |
| 57. Santos Costa, Manuel | P | | | |
| 58. Sanz Arias, Cristina | P | | | |
| 59. Súarez Fernández, Iago | BNG | | | |
| 60. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago | BNG | | | |
| 61. Taibo Corsanego, Iria | BNG | | | |
| 62. Trenor López, Gonzalo | P | | | |
| 63. Valcárcel Armesto, Montserrat | BNG | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 64. Varela Fernández, Katherinie | P | | | |
| 65. Vázquez Suárez, Cecilia | P | | | |
| 66. Verea Fraiz, Borja | P | | | |
| 67. Vidal Lamas, Sonia | BNG | | | |
| 68. Viso Diéguez, Ángel | P | | | |

| **MEMBROS DO GOBERNO** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 69. Calvo Pouso, Diego | P | | | |
| 70. Rodríguez González, Román | P | | | |
| 71. Rueda Valenzuela, Alfonso | P | | | |
| **DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO** | | | | |
| 72. Iglesias Rey, Patricia | S | | | |
| 73. Prado Cores, María Montserrat | BNG | | | |
| 74. Candia López, María Elena | P | | | |
| 75. Santalices Vieira, Miguel Ángel | P | | | |

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

0. Punto preliminar:
   Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada María Nazaret Cendán Gayoso

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

1. Elección de Secretaria ou Secretario da Cámara

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

2. Texto Lexislativo

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.1 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.2 33923(12/PL-000009)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do clima de Galicia

*Publicación da iniciativa, 256f1, 17.09.2025*

*Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 260f1, 25.09.2025*

*Publicación de emendas á totalidade, 266f1, 09.10.2025*

*Publicación ampliación da prórroga do prazo de presentación de emendas, 267, 10.10.2025*

*Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 268f1, 15.10.2025*

*Publicación rexeitamento emendas totalidade, 270, 17.10.2025*

*Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 270, 17.10.2025*

*Publicación de emendas ao articulado, 275, 28.10.2025*

*Publicación da designación de Ponencia, 283f1, 12.11.2025*

*Publicación do informe de Ponencia, 296f3, 04.12.2025*

*Publicación de emendas e votos particulares, 301f1, 15.12.2025*

*Publicación de emendas e votos particulares, 301f1, 15.12.2025*

*Publicación dictame da Comisión, 301f1, 15.12.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 12:29:39
Nº Rexistro: 33923
Data envío: 15/09/2025 12:29:39.137

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
1 5 SET. 2025
SAÍDA
Nº 53

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o **"Proxecto de lei do clima de Galicia"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 8 de setembro de 2025.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Asinado por: VÁZQUEZ DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 15/09/2025 12:01:23

CSV: REXPG-jtOc0RigM-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GvNbWiMLB9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 12:29:39
Nº Rexistro: 33923
Data envío: 15/09/2025 12:29:39.137

DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de setembro de dous mil vinte e cinco adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei do clima de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a oito de setembro de dous mil vinte e cinco.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE

CSV: REXPG-jOc0RIgM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3. Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.1 46670(12/CPP-000082)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 14 de xaneiro de 2026

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46670
Data envío: 19/01/2026 21:03:15.734

**OFICIO**

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Facenda e Administración Pública, para **dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 14 de xaneiro de 2026.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

CSV: REXPG-E8D95taLi-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/01/2026 21:03:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46670
Data envio: 19/01/2026 21:03:15.734

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:03:15**

CSV: REXPG-E8D95taLi-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.     Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 42649(12/MOC-000098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34407, publicada no BOPG núm. 263f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)

*Publicación da iniciativa, 307f1, 02.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 13:48:20
Nº Rexistro: 42649
Data envío: 19/12/2025 13:48:20.645

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 17 de decembro, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego (doc. núm **34407**, [**12/INT-001248**]).

**Moción**

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Intensificar os controis sobre o furtivismo no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

2. Destinar maiores medios, humanos e orzamentarios, á loita contra o furtivismo.

3. Acrecentar os orzamentos destinados a colaborar e coparticipar no financiamento das labores de vixilancia que levan a cabo as confrarías e, nomeadamente, as agrupacións de mariscadores e mariscadoras, co obxectivo de dispoñer de máis medios humanos para tal fin.

4. Instar ao Goberno do Estado a intensificar os controis e os medios para a loita contra a importación ilegal de produtos do mar.

5. Establecer canles de diálogo e de colaboración permanente coas autoridades pesqueiras portuguesas para contribuír a solucionar o problema do

Asinado o día 19/12/2025 ás 13:45
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REXPG-2QbpGsm5u-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tráfico de produtos do mar ilegais e minimizar os prexuízos e as consecuencias que del se derivan.

6. Elaborar e levar a cabo campañas de concienciación cidadá para evitar que os consumidores e consumidoras adquiran produtos ilegais.

7. Intensificar os controis nas prazas de abastos, nos locais de depuración, nos de hostalaría ou en calquera outro que se considere, co fin de ir reducindo progresivamente a entrada, distribución e venda dos produtos do mar de procedencia ilegal.

8. Desenvolver todas as accións necesarias para amparar e protexer os produtos pesqueiros e marisqueiros galegos, identificándoos con claridade e promocionándoos prioritariamente sobre calquera outro de procedencia foránea."

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

CSV: REXPG-2QbpGsm5u-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 13:48:20
Nº Rexistro: 42649
Data envio: 19/12/2025 13:48:20.645

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 19/12/2025 13:45:34**

CSV: REXPG-2QbpGsm5u-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 13:48:20
Nº Rexistro: 42649
Data envio: 19/12/2025 13:48:20.645

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 13:48:21**

CSV: REXPG-2QbpGsm5u-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 42651(12/MOC-000099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26536, publicada no BOPG núm. 208f2, do 11 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)

*Publicación da iniciativa, 307f1, 02.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 13:55:45
Nº Rexistro: 42651
Data envío: 19/12/2025 13:55:45.668

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 17 de decembro, sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa (doc. núm **26536**, [**12/INT-001032**]).

**Moción**

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Rematar coa opacidade na relación do Sergas co Hospital Ribera-Povisa, e facer público de inmediato o novo contrato de servizos asinado co Hospital Ribera-Povisa asinado por un período de dous anos e un importe de 97,5 millóns anuais.

2.- Realizar unha auditoría para determinar se están realizando as mesmas prácticas en Povisa que as levadas a cabo no Hospital de Torrejón: incentivar o aumento das listas de espera ao non realizar as intervencións precisas, realizar a selección de persoas doentes, rexeitando as que non supoñan negocio. Da mesma debe derivarse un informe detallado no que conste como mínimo:

a) Rateo profesionais/doentes, profesionais por servizos e planta, permanencia nos mesmos, situación laboral, mobilidade horaria e entre servizos, número de contratos con redución de xordana con detalle por categoría profesional.

Asinado o día 19/12/2025 ás 13:54
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 19/12/2025 ás 13:54
Por María Montserrat Prado Cores

CSV: REXPG-3k5qbA0PF-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 13:55:45
Nº Rexistro: 42651
Data envío: 19/12/2025 13:55:45.668

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados. O número e distribución de camas do hospital destinadas a atención pública e privadas. Persoal destinado a prestar a asistencia sanitaria pública e privada, horarios e servizos.

c) A totalidade dos recursos públicos destinados ao Hospital Povisa tanto pola atención da poboación da sanidade pública subscrita ao mesmo como por todos os conceptos dos que se fai cargo directamente o Sergas ou lle ofrece os mesmos prezos que consegue para o mesmo (farmacia, implantes, lista de espera do Sergas... ).

d) Práctica de traer profesionais sen vinculación laboral con Povisa para realizar intervencións cirúrxicas en fin de semana e logo marchar.

3.- Garantir que a Unidade de Supervisión e Control, contemplada no novo contrato, realice a labor de vixilancia do cumprimento do contrato e calidade asistencial: número de profesionais, rateos, que os recursos do contrato de servizos só se destinan á atención dos doentes da sanidade pública adscritos. Presentar as actuacións realizadas pola unidade, data, resultado das mesmas...

4.- Poñer en marcha de inmediato todas as actuacións precisas para que á maior brevidade toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo, 600.000 persoas, reciba asistencia sanitaria nun hospital da rede pública, procedendo á dotación de infraestrutura hospitalaria pública que o permita incluíndo a adquisición do Hospital Povisa.”

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

CSV: REXPG-3k5qbA0PF-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 13:55:45
Nº Rexistro: 42651
Data envio: 19/12/2025 13:55:45.668

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/12/2025 13:54:47**
**Ana Pontón Mondelo na data 19/12/2025 13:54:54**

CSV: REXPG-3k5qbA0PF-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 13:55:45
Nº Rexistro: 42651
Data envío: 19/12/2025 13:55:45.668

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 13:55:46

CSV: REXPG-3k5qbA0PF-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3    42652(12/MOC-000100)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 39557, publicada no BOPG núm. 295f2, do 3 de decembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)

*Publicación da iniciativa, 307f1, 02.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42652
Data envío: 19/12/2025 15:10:26.854

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa da súa deputada, **María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **Moción** para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 16 de decembro de 2025, sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legar estatal e o seu cumprimento (doc. núm. 39557).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar de maneira inmediata, e en todo caso no prazo máximo de quince días, o Consello Forestal de Galicia, garantindo o seu funcionamento efectivo como órgano de participación, consulta e asesoramento en materia forestal, e incorporando á súa orde do día a avaliación dos incendios do verán de 2025 e a planificación das medidas preventivas para os vindeiro exercicio 2026.

2. Presentar e publicar sen máis demora e como máximo no prazo de un mes o Plan Anual de Prevención, Vixilancia e Extinción de Incendios Forestais correspondente ao exercicio vixente, garantindo a súa plena operatividade, presentación no Pleno do Parlamento de Galicia e a súa difusión pública

3. Garantir que, nos exercicios posteriores, os Plans Anuais de Prevención, Vixilancia e Extinción de Incendios Forestais sexan aprobados e publicados antes do 31 de outubro do ano precedente ao da súa aplicación, conforme ao disposto no artigo 48 da Lei de montes, na redacción dada polo Real Decreto-lei 15/2022, e ás directrices establecidas polo Real Decreto 716/2025.

Asinado o día 19/12/2025 ás 15:10
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 19/12/2025 ás 15:09
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: REXPG-8ujLL4mLS-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

4. Constituír e convocar Mesas do Lume de carácter provincial, garantindo a participación efectiva das entidades locais, comunidades de montes, propietarios forestais, persoal técnico, organizacións agrarias sindicais; así como a publicidade das súas actas e acordos.

5. Integrar o risco de incendios forestais nos instrumentos de planificación territorial, urbanística, forestal e de xestión de espazos protexidos, impulsando, en particular, o desenvolvemento dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF), conforme ao marco establecido polo Real Decreto-lei 15/2022 e polo Real Decreto 716/2025.

6. Facilitar ao Parlamento de Galicia información detallada e desagregada por distritos forestais sobre as actuacións preventivas realizadas anualmente, incluíndo os traballos executados, os recursos humanos e materiais empregados e o grao de execución orzamentaria , dos anos 2024 e 2025.

7. Garantir a formación continua, obrigatoria e acreditable de todo o persoal dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais, adaptada aos incendios de alta intensidade e aos novos escenarios derivados do cambio climático.

8. Dar cumprimento efectivo ao artigo 50 bis da Lei de montes, asegurando que todas as actuacións de restauración forestal e ambiental conten cun plan actualizado de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais.

9. Dar cumprimento ao acordo aprobado polo Parlamento de Galicia ,no ano 2018, no ditame derivado da Comisión Parlamentaria creada tras os incendios forestais de 2017, garantindo que as consellarías afectadas polas recomendacións recollidas nese ditame comparezan anualmente ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, para dar conta da

CSV: REXPG-8ujLL4mLS-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

súa aplicación efectiva, do grao de execución das medidas e das actuacións pendentes.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

CSV: REXPG-8ujLL4mLS-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42652
Data envio: 19/12/2025 15:10:26.854

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/12/2025 15:09:58**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 19/12/2025 15:10:06**

CSV: REXPG-8ujLL4mLS-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42652
Data envio: 19/12/2025 15:10:26.854

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:10:30**

CSV: REXPG-8ujLL4mLS-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 2982(12/PNP-000339)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

*Publicación da iniciativa, 22f1, 08.05.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2024 17:45:38
Nº Rexistro: 2982
Data envío: 02/05/2024 17:45:38.261

<u>**Á MESA DO PARLAMENTO**</u>

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O ministro de Política Territorial e Memoria Democrática na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), á que asistiu a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública, informou de que en 2024 as entidades locais recibirán 28.557 millóns de euros en recursos do sistema de financiamento estatal, a maior contía da historia, un 22,6 % con respecto a 2023, 5.260 millóns de euros máis.

En canto ás entregas a conta, para o conxunto das entidades locais, acadaranse os 23.773 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,1 % respecto ás entregas de 2023. De igual xeito, a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública comunicou que o Goberno vai flexibilizar a senda de estabilidade para este subsector, de maneira que as administracións locais pasarán dun obxectivo de superávit do 0,2 % en 2024 previsto no Programa de estabilidade de abril, a ter equilibrio orzamentario, sendo asumidas esas dúas décimas de marxe pola Administración xeral do Estado, que fará un maior esforzo de redución de déficit, permitindo ás corporacións locais dispor dunha maior marxe de gasto e de investimento.

As entidades locais galegas prevén recibir 1.600 millóns de euros en 2024 do financiamento estatal, uns 900 millóns de euros irán aos concellos (747 millóns de

CSV: REXISTRO-eUaagF2Wx-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

euros neste exercicio) e uns 700 millóns de euros ás deputacións (590 millóns de euros neste exercicio), o que supón case un 23 % máis que en 2023, é dicir, 300 millóns de euros máis.

Fronte a este incremento dos fondos do financiamento estatal cara ás entidades locais, a Xunta de Galicia dende que goberna o PP ten conxelada a partida de financiamento aos concellos en 112,9 millóns de euros.

En 2024 o Goberno da Xunta estableceu que para as entidades locais dedican 600 millóns de euros segundo o artigo 58 da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No obstante, ano tras ano segundo consta nos informes do Consello de contas de Galicia respecto á conta rendida a execución orzamentaria real amosa que os datos son os seguintes:

- No ano 2019: 315,5 M de euros.
- No ano 2020: 333,2 M de euros.
- No ano 2021: 355,3 M de euros

E no derradeiro Informe do Consello de Contas de Galicia, respecto a Conta Xeral do ano 2022 é de 355,3 M de euros.

CSV: REXISTRO-eUaagF2Wx-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Por todo o antedito, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acordar coa Fegamp o incremento do financiamento local a través do Fondo de Cooperación Local, con criterios obxectivos de reparto, para incrementar a autonomía financeira das entidades locais, que se vén obrigadas a asumir competencias impropias que a Xunta de Galicia non está a exercer.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024

CSV: REXISTRO-eUaagF2Wx-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 30444(12/PNP-002341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo

*Publicación da iniciativa, 238f2, 20.08.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:46
Nº Rexistro: 30444
Data envío: 05/08/2025 10:42:46.066

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

## Exposición de Motivos

O agro e toda a actividade vencellada ao sector agrícola e gandeiro constitúen un piar esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cun amplo número de profesionais que traballan neste ámbito ata o punto de liderar, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha futuro máis sostible, innovadoro e resiliente.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica, o encarecemento dos custos operativos, a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento e que estes conten cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe, fundamentalmente os fondos FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) da Política Agrícola Común (PAC).

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do entorno do 20% nos fondos destinados ao agrícola e gandeiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións e das comunidades rurais que dependen directa ou indirectamente destas actividades. Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Ademais, a actual Política Agraria Común quedaría diluída nun fondo único, no que tamén entraría a pesca e as políticas de cohesión territorial. Desaparecerían ademais

Asinado o día 05/08/2025 ás 10:31
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-h9hwW2UxF-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

os dous piares actuais da PAC (axudas directas e desenvolvemento rural), que quedarían unificados nese mesmo fondo.

Convén lembrar que 20 Estados membros (dun total de 27), entre eles España, asinaron esta primavera unha carta na que lle pedían a Bruxelas manter a Política Agrícola Común como estratéxica, independente e autónoma, cunha boa dotación financeira, personalidade xurídica propia e separada do resto de políticas comunitarias

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea- adopte unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector agrogandeiro no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo, ademais de adoptar un compromiso claro en defensa e apoio a este sector no marco do seu plan nacional específico.

Cómpre salientar finalmente, que Galicia vén sendo un exemplo de xestión responsable e eficiente do financiamento destinado ás políticas de cohesión e de apoio ao medio rural. É de todo xeito inaceptable calquera pretendido recorte de fondos que, segundo os cálculos iniciais, suporá unha redución aproximada de 80 millóns de euros anuais para o rural galego, o que implica 480 millóns menos no período, deixando especialmente mermado o orzamento para o desenvolvemento rural. A PAC é un dos mecanismos máis importantes que se xestionan desde as comunidades autónomas e que permite garantir e manter a actividade dos gandeiros e agricultores. Ademais, sen este recurso de apoio directo ao sector, os prezos dos produtos agroalimentarios serían moito máis elevados e repercutiría de xeito negativo no consumidor.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentamos a seguinte proposición non de lei:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:
>
> > 1º.- Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).
> >
> > 2º.- Impulsar unha posición común entre os Estados membros da Unión Europea con maior peso rural para rexeitar a devandita redución e propoñer un financiamento adecuado que garanta os obxectivos da Política Agraria Común: asegurar unha subministración estable de alimentos a prezos alcanzables, garantir un nivel de vida xusto para os

CSV: REXPG-h9hwW2UxF-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:46
Nº Rexistro: 30444
Data envío: 05/08/2025 10:42:46.066

agricultores, protexer o medio ambiente e promover o desenvolvemento sostible das zonas rurais.

3º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

4º.- Adoptar, facer explícito e exercitar un compromiso claro en defensa e apoio do sector agrícola e gandeiro no marco dun plan nacional específico, coa reserva de fondos como mínimo equivalentes aos existentes actualmente para España no marco da Unión Europea.

5º.- Activar mecanismos de interlocución permanente coas Comunidades Autónomas e coas organizacións profesionais agrarias para informar do estado das negociacións, recoller as súas achegas e aliñar a posición de Galicia e de España coas necesidades reais do sector."

Santiago de Compostela, 5 de agosto 2025.

CSV: REXPG-h9hwW2UxF-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:46
Nº Rexistro: 30444
Data envio: 05/08/2025 10:42:46.066

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2025 10:31:31**

CSV: REXPG-h9hwW2UxF-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:46
Nº Rexistro: 30444
Data envio: 05/08/2025 10:42:46.066

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 10:42:46**

CSV: REXPG-h9hwW2UxF-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 35073(12/PNP-002591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do acordo de libre comercio UE-Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para que se opoña a este tratado

*Publicación da iniciativa, 265f1, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35073
Data envío: 30/09/2025 09:12:06.474

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a urxencia da sinatura do acordo de libre comercio UE-MERCOSUR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de decembro asinábase o Acordo entre o MERCOSUR e a UE. Este Acordo está a causar unha fonda preocupación no sector agrario e gandeiro galego en tanto que se considera que terá graves repercusións pola entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur e que afectará especialmente ao sector avícola e de carne vacún.

Segundo as cifras publicadas, o Acordo suporá a entrada de 99.000 Tm de carne de vacún e 180.000 Tm de aves e 45.000 Tm de mel anuais procedentes do MERCOSUR sen aranceis. En Galiza prodúcense anualmente 95.600 Tm de carne de vacún, das cales 23.000 Tm están amparadas pola indicación xeográfica TG, 215.000 Tm de aves e 2.700 Tm de mel. Se comparamos coa produción de Galiza vemos que este acordo supón a entrada dun volume de carne na UE similar a produción anual de Galiza; e o que é mais grave sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis a gandería galega. No caso da mel supón case o dobre da produción total de todo o estado español, que produciu 27.400 Tm.

O acordo permitirá, polo tanto, a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado, así, favorece o monocultivo e especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado



Asinado o día 30/09/2025 ás 09:10
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 30/09/2025 ás 09:10
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 30/09/2025 ás 09:09
Por Secundino Fernández Fernández

CSV: REXPG-0mstSMtyj-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35073
Data envío: 30/09/2025 09:12:06.474

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

a miles de quilómetros. Prácticas completamente contrarias á descarbonización, a recuperación da biodiversidade natural, a soberanía alimentar e o consumo de produtos de proximidade. É preciso tamén destacar que os cultivos e cría de gando son realizados en condicións moi diferentes, pois permítense unhas prácticas -uso de pesticidas, antibióticos, pensos...- nos que non se aplican os mesmos estándares que na Unión Europea e os controis en orixe non son os mesmos. Tamén é preciso ter en conta que as condicións laborais que, en moitos casos, padecen as traballadoras e os traballadores aos que non se lles garante salarios e condicións dignas.

Dito isto, e en primeiro lugar, debera favorecerse o consumo de produtos locais e sen transporte, os chamados de "km 0", limitando a importación de produtos non necesarios de forma masiva, para en segundo lugar exixir o cumprimento de certos mínimos ou estándares dos produtos para asegurar tamén a igualdade competitiva dos produtores e gandeiros da Galiza.

Recentemente o ministro de Agricultura do Goberno do Estado, Luís Planas, xa quitou totalmente a máscara e pediu a ratificación urxente deste acordo de libre comercio, tan nefasto para Galiza.

Ante esta situación ao BNG sorpréndenlle que non houbera nin a máis mínima declaración por parte da conselleira do Medio Rural, o que nos leva a unha máxima preocupación sobre a actitude do goberno da Xunta do PP. Unha preocupación que xa manifestamos o pasado mes de febreiro cando se negaron a ter unha posición contraria aos termos dun Acordo que terá nefastas consecuencias para o sector agrogandeiro galego.

No pasado a conselleira só se limitou a dicir que teñen solicitado ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luís Planas, a convocatoria dunha conferencia sectorial urxente para tratar de esclarecer o impacto que MERCOSUR vai ter no eido primario. Palabras pouco alentadoras da responsábel de Medio Rural ante un acordo UE-MERCOSUR que pode afectar gravemente a gandería de vacún de carne e avícola galega;



CSV: REXPG-0mstSMtyj-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

así como tamén ao sector apícola e polo tanto a unhas producións agrarias moi importante en amplas zonas do noso territorio; sobre todo na montaña.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego expresa por resolución o rexeitamento ás verbas do ministro de agricultura e alimentación Luís Planas no tocante á urxencia da ratificación do acordo MERCOSUR-UE, polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a oporse ao acordo MERCOSUR-UE polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego, e transmitirlle esta posición ao Congreso, ao Goberno do Estado, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-0mstSMtyj-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35073
Data envio: 30/09/2025 09:12:06.474

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 30/09/2025 9:09:56**
**Sonia Vidal Lamas na data 30/09/2025 9:10:03**
**Ariadna Fernández González na data 30/09/2025 9:10:11**
**Luis Bará Torres na data 30/09/2025 9:10:17**

CSV: REXPG-0mstSMtyj-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35073
Data envio: 30/09/2025 09:12:06.474

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 9:12:07

CSV: REXPG-0mstSMtyj-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.4 36282(12/PNP-002679)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde

*Publicación da iniciativa, 268f1, 15.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36282
Data envío: 09/10/2025 14:02:30.793

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Magdalena Pérez Millares,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos**

O Ministerio de Sanidade iniciou o proceso para a reforma do Estatuto Marco do Persoal Sanitario xerando o malestar unánime dos sindicatos, as principais asociacións de médicos do país e das comunidades autónomas, responsables de xestionar os sistemas sanitarios públicos nos seus respectivos territorios.

Tanto as medidas formuladas polo Ministerio de Sanidade, como o procedemento seguido para a reforma, son motivo de rexeitamento por parte de todos os axentes implicados na sanidade pública en España, que sinalan a súa escasa viabilidade, a falta de planificación técnica e económica e o seu nulo encaixe coa realidade asistencial. Lonxe de contribuír a solucionar o gran problema do déficit de profesionais que afronta o Sistema Nacional de Saúde na actualidade, a proposta formulada polo Ministerio, agrávao.

Resulta especialmente grave que o Ministerio avance neste texto sen ter en conta a opinión das Comunidades Autónomas, que son as competentes na organización e prestación dos servizos sanitarios, nin cos sectores profesionais. Unha reforma destas características require necesariamente coordinación, diálogo e consenso.

As autonomías veñen reiterando a súa preocupación polo feito de que o borrador carece dunha avaliación económica e técnica.

Asinado o día 09/10/2025 ás 14:02
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-gSS3CZQEX-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36282
Data envío: 09/10/2025 14:02:30.793

PARLAMENTO DE GALICIA

As propostas implican custos organizativos relevantes que deben ser cuantificados con rigor. E as medidas deben basearse en cuestións técnicas que expliquen a súa motivación e como repercutirían no sistema.

A reforma do Estatuto Marco non pode converterse nun elemento de confrontación política nin nun catálogo de medidas illadas, senón que debe centrarse en ofrecer solucións reais a estes retos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

1.- A reforma do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde se realice co consenso e participación efectiva das Comunidades Autónomas e dos sectores profesionais implicados.

2.- O Ministerio de Sanidade presente unha memoria económica e técnica das medidas propostas para a modificación do Estatuto Marco.

3.- Se asegure que as modificacións do Estatuto Marco contribúan a dar resposta ao déficit de profesionais sanitarios, especialmente en atención primaria e nos postos de difícil cobertura".

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025

CSV: REXPG-gSS3CZQEX-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36282
Data envio: 09/10/2025 14:02:30.793

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 09/10/2025 14:02:09**

CSV: REXPG-gSS3CZQEX-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36282
Data envio: 09/10/2025 14:02:30.793

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/10/2025 14:02:31

CSV: REXPG-gSS3CZQEX-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.5 38174(12/PNP-002801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos

*Publicación da iniciativa, 283f1, 12.11.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:27:33
Nº Rexistro: 38174
Data envío: 05/11/2025 11:27:33.578

Asinado o día 05/11/2
11:24
Por Óscar Insua Lema

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Luis Bará Torres** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás modificacións introducidas no canon eólico e a incidencia neste das repotenciacións.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:23
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O canon eólico foi creado pola Lei 8/2009 coa finalidade de repercutir parte da riqueza xerada pola actividade eólica na sociedade galega, compensando o impacto ambiental que sofre o territorio. Desde a súa implantación, e malia as sucesivas modificacións, o seu funcionamento ten demostrado importantes eivas: o retorno para os municipios afectados é moi insuficiente, xa que reciben menos do 30% do recadado polos aeroxeradores no seu territorio, mentres o resto se reparte por vía competitiva entre todos os concellos ou se destina a investimentos da Xunta noutras áreas que non gardan relación directa co impacto do sector eólico.

A recente reforma do canon, que grava agora a altura dos aeroxeradores en vez do seu número, supón unha perda alarmante da recadación para concellos afectados polas repotenciacións e para as administracións locais. De feito, as estimacións indican que os municipios deixarán de percibir arredor dun 82% das achegas nesta nova etapa, agravando a escasa compensación polo impacto ambiental e territorial das instalacións eólicas.

Asinado o día 05/11/2025 ás
11:23
Por José Manuel Golpe Acuña

Pola contra, os parques non sometidos a repotenciación, coas novas máquinas de maior altura e potencia, quedarán suxeitos a unha carga impositiva diferente, pero sen garantir que ese incremento repercuta realmente nas facendas locais.

CSV: REXPG-eshq9rfFZ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:27:33
Nº Rexistro: 38174
Data envío: 05/11/2025 11:27:33.578

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta situación evidencia un modelo de reparto que non responde nin a criterios xustos nin á lóxica compensatoria que debería presidir toda política tributaria ambiental. Ademais, o canon eólico non ten en conta os ingresos reais que os promotores obteñen do vento galego, nin promove que as comunidades locais participen no negocio ou na toma de decisións sobre o aproveitamento destes recursos naturais. O modelo actual dificulta o investimento social, a xestión racional dos recursos e a equidade territorial, e perpetúa debilidades históricas do sector, mesmo dende a reforma estatal de 2013 que penalizou Galiza cun incremento da tarifa eléctrica polo suplemento territorial.

Por todo isto, resulta imprescindible abordar unha reforma profunda do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental, que garanta beneficio directo, equidade e retorno social para os territorios afectados, poñendo fin ao actual sistema deseñado de xeito unilateral polo Executivo galego e pouco eficiente para a sociedade galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Modificar o canon eólico co obxectivo de garantir que o montante recadado polas instalacións de cada municipio se destine directamente ao concello afectado, restablecendo así a xustiza compensatoria fronte ao impacto ambiental e territorial das instalacións.

2. Ampliar os destinos posibles dos fondos do Fondo de Compensación Ambiental, permitindo que os concellos poidan dedicar estes recursos a políticas de emprego, apoio á economía circular, desenvolvemento rural, transición enerxética e fortalecemento dos servizos básicos.



CSV: REXPG-eshq9rfFZ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Establecer mecanismos de transparencia e rendición de contas sobre o uso, distribución e impacto dos fondos do canon eólico, garantindo información pública completa e accesible para todas as comunidades locais.

4. Promover a participación pública e comunitaria na xestión e aproveitamento dos recursos eólicos, facilitando a entrada dos concellos, Pemes e colectivos sociais na titularidade dos proxectos eólicos, como prevé a Lei 2/2024.

5. Impulsar, de maneira urxente, unha reforma do modelo de reparto do canon eólico para asegurar a equidade territorial, a xustiza social e o auténtico retorno para Galicia do aproveitamento dos seus recursos naturais".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-eshq9rfFZ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:27:33
Nº Rexistro: 38174
Data envio: 05/11/2025 11:27:33.578

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 05/11/2025 11:23:41**
**Luis Bará Torres na data 05/11/2025 11:23:50**
**Óscar Insua Lema na data 05/11/2025 11:24:09**
**Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2025 11:24:17**

CSV: REXPG-eshq9rfFZ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 11:27:33
Nº Rexistro: 38174
Data envio: 05/11/2025 11:27:33.578

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/11/2025 11:27:34**

CSV: REXPG-eshq9rfFZ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.6 43878(12/PNP-003014)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que cree, no primeiro semestre deste ano, un Banco Público de Alugueiro de Galicia

*Publicación da iniciativa, 315f1, 16.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43878
Data envío: 02/01/2026 17:49:37.044

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/01/2
17:39
Por José Ramón Gón

<u>**Á MESA DO PARLAMENTO**</u>

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A realidade do mercado do alugueiro en Galicia amosa unha grande fragmentación e escaseza de oferta accesible, o que xera prezos elevados e precariedade residencial. Ao mesmo tempo, existen milleiros de vivendas baleiras que permanecen fóra do mercado por falta de garantías, seguridade xurídica ou incentivos adecuados para os seus propietarios e propietarias.

Asinado o día 02/01/2026 ás
17:39
Por Carlos López Font

Outras comunidades autónomas xa teñen posto en marcha experiencias exitosas de intermediación pública, mediante bancos de aluguer que conectan propietarios e propietarias e inquilinas e inquilinos baixo a tutela da administración. Estes mecanismos permiten mobilizar vivendas baleiras, asegurar prezos razoables e ofrecer garantías tanto a persoas propietarias como a arrendatarios e arrendatarios, cun claro beneficio social.

Galicia precisa un Banco Público de Aluguer, que actúe como instrumento para incrementar a oferta de vivenda en alugueiro a prezos asumibles, fomentar a confianza das persoas propietarias e garantir dereitos para quen precisa acceder a unha vivenda digna.

Asinado o día 02/01/2026 ás
17:39
Por Aitor Bouza Manso

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

CSV: REXPG-M0eJ4e3bL-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Crear no primeiro semestre do presente ano un Banco Público de Aluguer de Galicia, xestionado pola Administración autonómica como mediadora e no que se:

a) Estableza un sistema de garantías públicas para as persoas propietarias que cedan as súas vivendas a este banco, cubrindo posibles non pagamentos e danos.
b) Fixe que os prezos do alugueiro no marco deste banco sexan sempre asequibles, nunca superiores ao 30 % da renda media dispoñible das familias.
c) Subscriban contratos de aluguer de longa duración polas vivendas que se incorporen a este banco.
d) Poñan en marcha campañas de información para fomentar que as persoas propietarias de vivendas baleiras se incorporen ao programa.

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

CSV: REXPG-M0eJ4e3bL-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
**Nº Rexistro: 43878**
Data envío: 02/01/2026 17:49:37.044

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 17:39:10**

**Carlos López Font na data 02/01/2026 17:39:16**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/01/2026 17:39:24**

CSV: REXPG-M0eJ4e3bL-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43878
Data envio: 02/01/2026 17:49:37.044

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 17:49:37**

CSV: REXPG-M0eJ4e3bL-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 35295(12/INT-001285)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central

*Publicación da iniciativa, 265f2, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:17:52
Nº Rexistro: 35295
Data envío: 30/09/2025 18:17:52.806



**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A situación financeira das comunidades autónomas vese marcada polo crecemento da débeda pública acumulada nos últimos anos. En Galicia, a débeda autonómica triplicouse nos sucesivos gobernos do Partido Popular na Xunta: pasamos de arredor de 4.900 millóns de euros en 2009 a máis de 12.000 millóns en 2024. Este incremento condiciona gravemente a capacidade de investimento en servizos públicos esenciais como a sanidade, a educación ou a atención á dependencia.

O Goberno progresista de España, liderado polo presidente Pedro Sánchez, puxo enriba da mesa unha proposta histórica: unha condonación da débeda autonómica de 83.000 millóns de euros no conxunto do Estado, da que Galicia se beneficiará cunha quita de 4.010 millóns de euros.

Cómpre subliñar que non se trata dun "traxe a medida" para ningunha comunidade concreta. Pola contra, a medida está deseñada baixo criterios obxectivos, transparentes e solidarios, aplicándose a todas as comunidades autónomas de réxime común. De feito, algunhas das comunidades máis beneficiadas —Andalucía, Valencia ou Madrid— están gobernadas polo Partido Popular, polo que resulta absurdo presentar esta iniciativa como un privilexio para Cataluña.

A condonación permitirá a Galicia reducir a súa débeda, rebaixar os xuros e amortizacións a pagar, e así liberar recursos para reforzar o Estado do benestar. En termos prácticos, isto pode supor máis profesorado para alumnado con necesidades educativas especiais, máis médicos e pediatras

Asinado o día 30/09/2025 ás 18:09
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/09/2025 ás 18:09
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: REXPG-QgA8unILZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para cubrir urxencias en centros de saúde, ou máis investimentos en dependencia.

Por outra banda, a irresponsabilidade fiscal do Goberno da Xunta agrava a situación: mentres reduce impostos aos máis ricos, os servizos públicos sofren recortes e deterioro. Non é sostible un modelo no que o 8 % máis rico acumula o 76 % do patrimonio, e ao mesmo tempo se lles perdoan impostos que deberían contribuír ao financiamento da comunidade.

Por iso, é fundamental que o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia exerzan responsabilidade institucional, defendan os intereses do país e non se sometan ao seguidismo partidista das directrices de Alberto Núñez Feijóo en Madrid. Galicia non pode perder esta oportunidade histórica.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Sobre o novo sistema de financiamento autonómico:

1. Unha vez solicitada a quita da débeda, comprométese o Goberno galego a elaborar de forma urxente unha proposta solvente e rigorosa sobre un novo sistema de financiamento autonómico para Galicia?
2. Vai garantir esa proposta que se atendan as singularidades galegas, que se asegure a prestación de servizos públicos de calidade e que se negocie en igualdade e multilateralidade co resto de Comunidade Autónoma de réxime común?

Santiago de Compostela, a 30 de setembro do 2025

CSV: REXPG-QgA8uniLZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:17:52
Nº Rexistro: 35295
Data envío: 30/09/2025 18:17:52.806

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 30/09/2025 18:09:39**
**Elena Espinosa Mangana na data 30/09/2025 18:09:46**

CSV: REXPG-QgA8uniLZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:17:52
Nº Rexistro: 35295
Data envio: 30/09/2025 18:17:52.806

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 18:17:53**

CSV: REXPG-QgA8uniLZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 36818(12/INT-001349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta

*Publicación da iniciativa, 272f2, 22.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:54:21
Nº Rexistro: 36818
Data envío: 15/10/2025 10:54:21.645

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a proposta de protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia no SAF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do 13 de outubro de 2025 abordou unha proposta de protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia nos domicilios nos que se presta o Servizo de Axuda no Fogar. Así o comunicou o presidente da Xunta posteriormente aos medios de comunicación avanzando algúns elementos dese protocolo que, en todo caso, non é público.

De feito, contrastado coa Fegamp, os concellos galegos descoñecen no momento de redixir esta iniciativa (14 de outubro) a existencia dese protocolo e as medidas previstas no mesmo alén do anunciado polo propio presidente da Xunta.

Segundo a Xunta, o protocolo "ofrece recomendacións e directices" diante de "diferentes formas de violencia laboral externa". Entre esas "recomendacións e directrices" inclúense "manter operativo o teléfono móbil, prever acompañamento temporal cando as circunstancias o requiran" ou "dotar as traballadoras de coñecementos e habilidades específicas en materia de prevención da violencia, comunicación, resolución de conflitos".

Nin un só compromiso orzamentario para poder aplicar as medidas previstas no protocolo nin tampouco reforma normativa ningunha que garanta o seu cumprimento.

Asinado o día 15/10/2025 ás 10:52
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 15/10/2025 ás 10:52
Por Olalla Rodil Fernández

CSV: REXPG-ur8Se8OX1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:54:21
Nº Rexistro: 36818
Data envio: 15/10/2025 10:54:21.645

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento e aplicación do protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia no SAF?

- Vai dotar os concellos de máis recursos económicos para poder aplicar as medidas previstas nel?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-ur8Se8OX1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:54:21
Nº Rexistro: 36818
Data envio: 15/10/2025 10:54:21.645

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2025 10:52:44**

**Ariadna Fernández González na data 15/10/2025 10:52:51**

CSV: REXPG-ur8Se8OX1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:54:21
Nº Rexistro: 36818
Data envío: 15/10/2025 10:54:21.645

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 10:54:22**

CSV: REXPG-ur8Se8OX1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.3 43054(12/INT-001485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026

*Publicación da iniciativa, 310f1, 09.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 43054
Data envío: 29/12/2025 11:19:16.183

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como cada inverno o aumento das enfermidades respiratorias puxo ao límite os servizos sanitarios en Galiza, xa de por si nunha situación de saturación permanente. De novo atrasos inaceptábeis nas citas de Atención Primaria, con listas de agarda de unha, dous e até máis dun mes para consultar ao médico de familia.

Estes atrasos nos centros de saúde para ver aos médicos de familia están tendo como consecuencia que numerosas persoas acudan aos servizos de urxencia, saturando aínda máis os PACs, hospitais e unidades especializadas en enfermidades respiratorias.

De novo ponse en evidencia a falta de planificación estrutural que ten o sistema sanitario público na UCI, ponse en evidencia a ausencia de reforzos de medios humanos e materiais, en situacións previsíbeis, que se repite cada inverno.

É máis que constatábel que estamos ante un problema estrutural que vai máis aló dos picos estacionais. Os colapsos polo aumento de procesos respiratorios soluciónanse con planificación e recursos, cuestións das que o PP nin se ocupa nin se preocupa.

A sanidade pública tensionada continuamente, especialmente os centros de saúde e servizos de urxencias. Xa non teñen profesionais para o día a día, menos para atender o aumento da demanda, e xa non digamos epidemias coma a da gripe. Equipos humanos esgotados, aos que aínda lle piden máis esforzo. A poboación con moitas dificultades

Asinado o día 29/12/2025 ás 11:18
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 29/12/2025 ás 11:17
Por María Montserrat Prado Cores

CSV: REXPG-Jn5shubFq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 43054
Data envío: 29/12/2025 11:19:16.183

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para acceder á atención polas listas de espera. Sen citas todo decembro, xaneiro con algúns ocos, a poboación acude aos servizos de urxencias.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

En que consistiron as medidas postas en marcha polo Sergas dentro do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026?

Cantos recursos foron mobilizados, desagregados por centros?

Considera o Sergas que ter convertido en norma as intersubstitucións, as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os que fagan falta, permite unha asistencia sanitaria de calidade?

Cal é a relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir?

Cal é o número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e a previsión de cobertura das mesmas?

Cantos son @s galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello?

Cantos son @s profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías?

Cal é o número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais?

E o número medio de doentes que están atendendo cada día?

Cal é a porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías?

Cando vai elaborar un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de redimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal?



CSV: REXPG-Jn5shubFq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 43054
Data envio: 29/12/2025 11:19:16.183

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

CSV: REXPG-Jn5shubFq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 43054
Data envio: 29/12/2025 11:19:16.183

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2025 11:17:30**
**Iria Carreira Pazos na data 29/12/2025 11:18:05**

CSV: REXPG-Jn5shubFq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:19:16
Nº Rexistro: 43054
Data envio: 29/12/2025 11:19:16.183

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:19:16

CSV: REXPG-Jn5shubFq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 46641(12/POPX-000067)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o nivel de eficacia da xestión que está a levar a cabo o Goberno galego dos servizos públicos de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**José Ramón Gómez Besteiro, portavoz** do **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, considera vostede que está a facer o suficiente para garantir o mellor funcionamento posible dos servizos públicos en Galicia?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro do 2026

Asinado o día 19/01/2026 ás 17:54
Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: REXPG-aDwToSkQ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:18:15
Nº Rexistro: 46641
Data envio: 19/01/2026 18:18:15.617

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 19/01/2026 17:54:55**

CSV: REXPG-aDwTIoSkQ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:18:15
Nº Rexistro: 46641
Data envio: 19/01/2026 18:18:15.617

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 18:18:16**

CSV: REXPG-aDwTIoSkQ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2 46646(12/POPX-000068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar a situación que está a vivir a sanidade pública en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:21:11
Nº Rexistro: 46646
Data envío: 19/01/2026 18:21:11.337

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr. Rueda, que medidas vai adoptar ante o colapso que está vivindo a sanidade pública?*

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2026

Asinado o día 19/01/2026 ás 18:20
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: REXPG-y4N9vmsIV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:21:11
**Nº Rexistro: 46646**
Data envio: 19/01/2026 18:21:11.337

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2026 18:20:45**

CSV: REXPG-y4N9vmsIV-8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:21:11
Nº Rexistro: 46646
Data envio: 19/01/2026 18:21:11.337

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 18:21:12**

CSV: REXPG-y4N9vmslV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.1 35531(12/POP-005149)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña

*Publicación da iniciativa, 265f2, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:34:01
Nº Rexistro: 35531
Data envío: 02/10/2025 17:34:01.403

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o desenvolvemento económico. Sen transporte público de calidade, as comarcas rurais sofren un dobre prexuízo: a dependencia obrigatoria do vehículo privado e o abandono institucional que impide fixar poboación e atraer investimentos.

Na Costa da Morte, a situación do transporte público segue a ser un dos grandes impedimentos para o progreso. Exemplos recentes amosan a insuficiencia do servizo:

- No concello de Ames, as liñas metropolitanas de conexión con Santiago rexistran masificación en horas punta, deixando persoas usuarias nas paradas.
- En Camariñas, Fisterra ou Muxía, o transporte escolar non garante horarios nin prazas suficientes, obrigando ao alumnado a desprazarse en condicións inadecuadas.
- A autovía AG-55 continúa sen completar o seu trazado ata Cee, limitando a conectividade da comarca e xerando un agravio comparativo con outras zonas de Galicia.

O caso máis paradigmático é o da liña Carballo – A Coruña, que debería ser a principal arteria de comunicación da comarca e, porén, funciona en condicións claramente deficientes:

Asinado o día 02/10/2025 ás 17:32
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/10/2025 ás 17:32
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: REXPG-br4Ye2HLq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:34:01
Nº Rexistro: 35531
Data envío: 02/10/2025 17:34:01.403



- Moitos autobuses directos que chegan a Carballo desde Fisterra ou Muxía dispoñen xa de poucas ou ningunha praza libre, obrigando ás persoas usuarias de Carballo a esperar por outro bus.
- O seguinte servizo non é directo e tarda o dobre de tempo, convertendo un traxecto de apenas 30 km nunha viaxe longa e ineficiente.
- Na estación de autobuses da Coruña, a empresa concesionaria Arriva SL prioriza o embarque de viaxeiros con destino final en Fisterra, excluíndo a usuarios de destinos intermedios como Carballo. Esta práctica arbitraria non conta con cobertura legal, supón un trato desigual e resulta incompatible cun servizo público.

Este modelo non garante equidade nin eficacia, desincentiva o uso do transporte público e converte Carballo, capital económica da Costa da Morte, nun exemplo de como as malas decisións en materia de mobilidade penalizan a toda unha comarca.

En consecuencia, é urxente que a Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de transporte, actúe con decisión para corrixir esta situación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas pensa adoptar a Xunta para garantir que todas as persoas usuarias que acceden á liña Carballo – A Coruña desde Carballo dispoñan de praza nos autobuses?

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: REXPG-br4Ye2HLq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:34:01
Nº Rexistro: 35531
Data envio: 02/10/2025 17:34:01.403

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 02/10/2025 17:32:00**
**Carlos López Font na data 02/10/2025 17:32:05**

CSV: REXPG-br4Ye2HLq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:34:01
Nº Rexistro: 35531
Data envio: 02/10/2025 17:34:01.403

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 17:34:02

CSV: REXPG-br4Ye2HLq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.2 45289(12/POP-006402)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 10 máis

Sobre as condicións da vivenda pública que o Goberno central pon á disposición en Vigo a través da empresa Casa 47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45289
Data envío: 13/01/2026 16:33:23.714

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 13/01/2026 ás 16:30
Por José Luis Ferro Iglesias

**Á Mesa do Parlamento**

**Moisés Rodríguez Pérez, Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Lonxe do que prometeron, o novo modelo de xestión que o Goberno que preside Pedro Sánchez impuxo, sen consenso previo nin consulta ás comunidades, para as vivendas da Sareb, non contribuirá a incrementar a oferta dispoñible en termos de accesibilidade e prezos competitivos. O mellor exemplo témolo no que acontece en Vigo.

De feito, a decisión do Ministerio de Vivenda de externalizar e poñer en mans privadas as 40.000 vivendas públicas da Sareb, entre elas 67 de Vigo, traducirase nun custe económico importante.

O Executivo estatal viu a Galicia a anunciar un novo modelo de xestión a través da empresa Casa 47, con opacidade e sen explicar, unha vez máis, como será o proceso de adxudicación, e se os fogares resultantes contarán con cualificación pública permanente.

Co paradoxo de que o que si trascendeu foi que o prezo indicado por Casa 47 para Vigo estará 1,40 puntos por encima do prezo medio que se extrae das fianzas depositadas ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

As bases indican ademais que “cada unidade de convivencia só poderá solicitar vivendas cuxa renda mensual non supere o 30% dos seus ingresos netos mensuais”. Iso significa que para acceder cómpre dispoñer de 1.330€ mensuais netos como mínimo.

Os 5.500 demandantes de vivenda de promoción pública en Vigo só poderán acceder a estudos ou vivendas dun dormitorio de Casa 47, xa que, segundo estos criterios, para acceder ao 84 % destas vivendas (2 dormitorios) é necesario dispoñer de ao menos 2.000€ netos ao mes. E, para as de 3,  entre 2.434 e 2.956 euros.

Iso supón que a meirande parte dos vigueses so poderán optar a estudos ou vivendas de un dormitorio.

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 13/01/2026 ás 16:30
Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 13/01/2026 ás 16:30
Por Moisés Rodríguez Pérez
CSV: REXPG-l7ik9bM19-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45289
Data envío: 13/01/2026 16:33:23.714

PARLAMENTO DE GALICIA

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da posta ao dispor de vivenda pública por parte de Casa 47 a prezo superior á media do prezo libre na cidade de Vigo e dos requisitos salariais que se imporán aos vigueses para poder acceder a esas vivendas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

CSV: REXPG-I7ik9bM19-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45289
Data envío: 13/01/2026 16:33:23.714

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 16:30:39**
**Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 16:30:46**
**José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 16:30:56**
**Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 16:31:06**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 16:31:14**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 16:31:27**
**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 16:31:36**
**Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 16:31:43**
**Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 16:31:51**

CSV: REXPG-I7ik9bM19-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45289
Data envio: 13/01/2026 16:33:23.714

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 16:33:27**

CSV: REXPG-I7ik9bM19-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.3 43062(12/POP-005724)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada

*Publicación da iniciativa, 310f2, 09.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:40
Nº Rexistro: 43062
Data envío: 29/12/2025 11:21:40.194

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:56
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Concello de Trabada xunto coa Plataforma Pública da Mariña teñen manifestado a situación preocupante que está a vivir o Concello no eido sanitario chegando a manifestarse para reclamar uns servizos sanitarios dignos, pedindo dúas prazas de medicina de familia cubertas todos os días e durante a quenda completa.

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:56
Por Elena Espinosa Mangana

Trabada leva preto dun ano cun só médico dende a xubilación no ano 2023 dun dos facultativos que non foi substituído en ningún momento por parte do Sergas, situación esta previsible e, polo tanto, con capacidade de previsión.

Durante todo este tempo un só médico, dos dous que ten o cadro de persoal tivo que asumir a totalidade da carga de traballo do centro de saúde. Co estrés laboral que supón para quen ten que asumir esta situación.

Un concello, como moitos de Galicia, cunha poboación moi avellentada, dispersión xeográfica acusada cunha distancia entre núcleos de poboación moi extensa. unha gran porcentaxe de maiores de 65 anos, unha poboación altamente demandante de atención médica e de coidados de enfermería, con casos de atención domiciliaria.

Asinado o día 29/12/2025 ás 10:56
Por Lara Méndez López

A isto hai que sumarlle que o concello conta cunha residencia de maiores con praza para 39 usuarios tamén atendidos polos efectivos do centro de saúde, o cal supón que o único medico teña que atender tamén ás e aos usuarios do centro.

CSV: REXPG-qkTpn74ED-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta situación durante o mes de agosto supuxo en moitas ocasións un servizo deficitario, tendo en conta o período vacacional ao que ten dereito provocou que nalgunha ocasión a falta total de facultativos uníndose a carencia de enfermería quedase o centro de saúde sen persoal sanitario obrigando a terse que desprazarse a unha profesional de Ribadeo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia cubrir as necesidades do Centro de Saúde do Concello de Trabada?

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2025

CSV: REXPG-qkTpn74ED-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:40
Nº Rexistro: 43062
Data envío: 29/12/2025 11:21:40.194

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 29/12/2025 10:56:43**
**Elena Espinosa Mangana na data 29/12/2025 10:56:51**
**Silvia Longueira Castro na data 29/12/2025 10:56:57**

CSV: REXPG-qkTpn74ED-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 11:21:40
Nº Rexistro: 43062
Data envio: 29/12/2025 11:21:40.194

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 11:21:40**

CSV: REXPG-qkTpn74ED-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.4 43384(12/POP-005882)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o funcionamento do servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

*Publicación da iniciativa, 311f1, 12.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:48:43
Nº Rexistro: 43384
Data envío: 30/12/2025 11:48:43.515

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral **en Pleno.**

O CHUAC da Coruña vai camiño de se converter nun núcleo de problemas cada vez máis difíciles de arranxar. Un dos principais que afecta tanto a doentes, persoal e empresas auxiliares é o retraso das obras que a día de hoxe, coñecemos non se terminarán até o 2031, sen que para entón estean rematados todos os procesos que o conforman.

Entre outros, un dos problemas que o afectan é o intrusismo profesional que está a acontecer desde o ano 2021 no que se crea a categoría de técnico superior en dietética que son os responsables de que as comidas das 1.500 camas cheguen aos seus destinatarios cumprindo os requisitos de alimentación que cada paciente require.

Exceptuando as quendas de almorzo e merenda, nas quendas de comida e cea existen dúas cintas para os menús. En cada unha das cintas debe existir un técnico superior de dietética que controle o pase das comidas de xeito que se adapten aos pacientes e mesmo controlen as alerxias e demais condicións alimentarias.

Mais resulta que desde que se creou a categoría, desde a xerencia do CHUAC non respectan estas directrices, sendo estes profesionais os verdadeiros responsables da xestión alimentaria, mesmo no caso de que se produza calquera erro. As funcións son feitas polos pinches e cociñeiros que, non teñen a formación específica e, por outro, lado vulneran a protección de datos dos pacientes toda vez que acceden a través dos programas informáticos ás

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:31
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/12/2025 ás 09:31
Por Silvia Longueira Castro

CSV: REXPG-b8tCTCDeb-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

historias clínicas dos ingresados, modifican as dietas e os pedidos, e non son persoal sanitario autorizado. Até catro pinches de cociña teñen acceso aos ordenadores correspondentes aos técnicos superiores de dietética.

Non só non cobren as prazas de técnico superior en dietética, cousa que si acontece noutros hospitais do Sergas, senón que tampouco cobren as libranzas dos que piden algún día de libre disposición. Ademais os puntos de control preventivo de seguridade alimentaria, como os APPCC (análise de perigos e puntos de control crítico) existentes en todos os hospitais, onde dan o visto bo ao proceso; no caso do CHUAC non se especifica quen o fai, sendo responsabilidade dos técnicos xa especificados.

Outra das anomalías que acontecen é que os carros das comidas de pacientes con alerxias non están radicados noutro habitáculo que por norma debe estar habilitado. Ao tempo que por veces, e debido ás obras do CHUAC, tivo que pasar o carro do lixo que botaba líquido polo chan, incumprindo a normativa hixiénico sanitaria. Este tipo de incidencia aparece por escrito no rexistro de incidencias, aínda que na unidade de dietética non hai libro de rexistro, creando en agosto de 2025 un arquivo na nube.

En resumo: un dietista para 1.400 menús e se estás nunha cinta da cociña non podemos controlar o que acontece na outra, co que o 75 por cento da dietas están sen supervisar por un dietista. O único autorizado para facela. A situación está denunciada diante da dirección de recursos humanos do Sergas. E acontece desde abril de 2021.

Polo exposto, as deputadas que asinan, preguntan:

Que explicación ten a Consellería de Sanidade ante o que está a acontecer cos menús do CHUAC?

CSV: REXPG-b8tCTCDeb-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:48:43
Nº Rexistro: 43384
Data envío: 30/12/2025 11:48:43.515

Grupo
Parlamentario
Socialista

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

CSV: REXPG-b8tCTCDeb-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:48:43
Nº Rexistro: 43384
Data envio: 30/12/2025 11:48:43.515

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:31:00**
**Elena Espinosa Mangana na data 30/12/2025 9:31:12**

**CSV:** REXPG-b8tCTCDeb-5
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:48:43
**Nº Rexistro: 43384**
Data envio: 30/12/2025 11:48:43.515

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:48:44**

CSV: REXPG-b8tCTCDeb-5
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.5 46609(12/PUP-000181)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego ante os problemas de sobrecarga que se están a producir nos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:38:16
Nº Rexistro: 46609
Data envío: 19/01/2026 16:38:16.956

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**María Elena Espinosa Mangana**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

**Xustificación da urxencia.** A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego informe a esta cámara sobre a situación de sobrecarga das urxencias hospitalarias e as medidas que está a adoptar para solucionar o colapso asistencial que se está a vivir.

Os servizos de urxencias dos hospitais galegos estiveron e están a vivir unha situación xeneralizada de sobresaturación que, en numerosos casos, deriva nun auténtico colapso asistencial. Esta realidade ten consecuencias directas no funcionamento ordinario do sistema sanitario público e na atención que recibe a cidadanía.

O conselleiro de Sanidade, na súa comparecencia do 8 de xaneiro, afirmou que o sistema respondeu "con normalidade e sen incidencias destacables", mantendo "todos os medios operativos".

A realidade obriga, con todo, a apartar as mensaxes triunfalistas da Xunta e do conselleiro de Sanidade e a analizar con rigor a situación actual.

Por todo o exposto, a deputada que asina formula a seguinte pregunta:

Ten o Goberno de Galicia previsto tomar algún tipo de medida que afronte os problemas que se están a producir nos servizos de urxencias dos hospitais de Galicia?

Asinado o día 19/01/2026 ás 16:38
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: REXPG-Ye6sZLJRc-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Grupo
Parlamentario
Socialista

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:38:16
Nº Rexistro: 46609
Data envío: 19/01/2026 16:38:16.956

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro do 2026

CSV: REXPG-Ye6sZLJRc-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:38:16
Nº Rexistro: 46609
Data envío: 19/01/2026 16:38:16.956

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 19/01/2026 16:38:03**

CSV: REXPG-Ye6sZLJRc-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:38:16
**Nº Rexistro: 46609**
Data envio: 19/01/2026 16:38:16.956

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 16:38:17**

**CSV:** REXPG-Ye6sZLJRc-2
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.6 44056(12/POP-006082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre a rectificación e posterior tramitación da solicitude para que Galicia forme parte, como membro asociado, da Unesco

*Publicación da iniciativa, 315f1, 16.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:06:20
Nº Rexistro: 44056
Data envío: 05/01/2026 10:06:20.257

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 05/01/2
10:04
Por Mercedes Queixa

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a decisión do Goberno da Xunta de Galiza de quedar fóra da UNESCO.

Asinado o día 05/01/2026 ás
10:04
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mesmo mes o Goberno do Estado anunciaba a integración de Catalunya e Euskadi como membros asociados da UNESCO e da OMT (Organización Mundial do Turismo), organismos dependentes de Nacións Unidas.

Non sucedía así con Galiza, por non ter solicitado o Goberno autonómico a súa entrada nos dous organismos internacionais, alegando problemas máis importantes que o Estado debe solucionar e sentirse representados por España.

Esta decisión da Xunta de Galiza terá numerosas repercusións negativas para o país, xa que ter voz propia na UNESCO outorga:

- unha visibilidade e presenza internacional á Galiza como entidade de seu, podendo participar na toma de decisións sobre educación, ciencia, cultura e patrimonio;

- poder realizar acordos e convenios con entidades doutros Estados en materia cultural ou oportunidades de financiamentos para proxectos; e

- someter proposicións ao Consello Executivo e colaborar nos traballos dos seus comités.

Asinado o día 05/01/2026 ás
10:04
Por Cristina Fernández Davila

CSV: REXPG-T35IXUBF1-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:06:20
Nº Rexistro: 44056
Data envío: 05/01/2026 10:06:20.257

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu día modificouse o Artigo II da Constitución da UNESCO para permitir a admisión en calidade de Membros Asociados da organización aos territorios ou grupo de territorios que non teñan competencias en política exterior. Hai unha ducia de territorios ou países como as Illas Feroe (Dinamarca), Illas Aland (Finlandia), Nova Caledonia (Francia), Curaçao (Países Baixos) ou Tokelau (Nova Zelanda). Iso permite agora novas incorporacións como Catalunya e Euskadi e a decisión do Goberno Galego deixa fóra Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno da Xunta de Galiza rectificar a decisión tomada e, tendo en conta a Estratexia Galega de Acción Exterior (Egaex) 2025-29, tramitar a solicitude para que Galiza forme parte, como membro asociado, da UNESCO?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-T35IXUBF1-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:06:20
Nº Rexistro: 44056
Data envío: 05/01/2026 10:06:20.257

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 05/01/2026 10:04:20**
**Iria Taibo Corsanego na data 05/01/2026 10:04:25**
**Mercedes Queixas Zas na data 05/01/2026 10:04:33**

CSV: REXPG-T35IXUBF1-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:06:20
**Nº Rexistro: 44056**
Data envio: 05/01/2026 10:06:20.257

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/01/2026 10:06:21**

CSV: REXPG-T35IXUBF1-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.7 44618(12/POP-006280)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre os traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44618
Data envio: 09/01/2026 18:20:41.014

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Julio García Comesaña
Asinado o día 09/01/2
18:16
Por Rubén Lorenzo G
Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 09/01/2026 ás
18:15
Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 09/01/2026 ás
18:15
Por José Luis Ferro Iglesias

**Á Mesa do Parlamento**

**José Luis Ferro Iglesias, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Nunha comparecencia a petición propia, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude anunciou no Pleno do Parlamento a vontade do Goberno galego de acadar un gran Pacto pola Lingua.

Hoxe, cumprindo coa súa palabra, o Goberno ten impulsado distintas iniciativas no marco do Pacto.

Desde reunións con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, ata consultas con representantes de todos os sectores que participan activamente na promoción e a difusión da nosa lingua.

Neste senso, tamén se iniciaron os traballos para proceder á renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento na VI Lexislatura.

Para desenvolver estas tarefas, a Xunta de Galicia convocou a máis de 100 profesionais de diferentes ámbitos, que agora se distribúen en grupos de traballo coa ollada posta en adaptar o Plan á realidade social da Galicia de hoxe.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego dos traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2026

CSV: REXPG-VF0x5M6wv-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44618
Data envío: 09/01/2026 18:20:41.014

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2026 18:15:47**
**Carmen Pomar Tojo na data 09/01/2026 18:15:57**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2026 18:16:08**
**María Felisa Rodriguez Carrera na data 09/01/2026 18:16:20**
**Víctor Baladrón Lamas na data 09/01/2026 18:16:31**
**Julio García Comesaña na data 09/01/2026 18:16:40**
**Patricia García González na data 09/01/2026 18:17:00**
**Raúl Santamaría González na data 09/01/2026 18:17:09**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 09/01/2026 18:17:18**

CSV: REXPG-VF0x5M6wv-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
**Nº Rexistro: 44618**
Data envio: 09/01/2026 18:20:41.014

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 18:20:43**

CSV: REXPG-VF0x5M6wv-2
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.8 46634(12/POP-006583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre o exercicio que está a facer a Xunta de Galicia da competencia exclusiva en materia de patrimonio

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 17:53:09
Nº Rexistro: 46634
Data envío: 19/01/2026 17:53:09.100

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

As deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o mandato estatutario que lle confire á Xunta a competencia exclusiva en materia de patrimonio.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza se posicione canto antes sobre este tema.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de medidas fiscais e administrativas que o goberno do PP acaba de presentar a esta cámara, xunto co proxecto de orzamentos para 2026, volve emendar o articulado da Lei de patrimonio cultural de Galiza, un procedemento reiterado nos últimos anos que, após 10 anos de aprobación, conseguiu baleirala do seu contido orixinal e, o que é peor, avanzar na desprotección do vizoso legado patrimonial galego.

Baixo o pretexto da “axilización e eficiencia dos procedementos de xestión e protección do patrimonio cultural”, o Partido Popular reforma de novo a Lei da patrimonio cultural para renunciar ás súas competencias e pasar a delegar nos concellos máis responsabilidades e competencias na protección patrimonial á hora de autorizar diferentes intervencións que se realicen en bens catalogados con protección estrutural e ambiental, nos seus contornos de protección ou nas súas zonas de amortecemento.



Por Paulo Ríos Santomé
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Asinado o día 19/01/2 17:48
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 19/01/2026 ás 17:48
Por Daniel Castro García
Asinado o día 19/01/2026 ás 17:48
Por Ana Pontón Mondelo
CSV: REXPG-OaO3D6eN1-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 17:53:09
Nº Rexistro: 46634
Data envío: 19/01/2026 17:53:09.100

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Pensa o goberno que está a cumprir co mandato estatutario que lle confire á Xunta a competencia exclusiva en materia de patrimonio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-OaO3D6eN1-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 17:53:09
Nº Rexistro: 46634
Data envío: 19/01/2026 17:53:09.100

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2026 17:48:38**
**Daniel Castro García na data 19/01/2026 17:48:46**
**Luis Bará Torres na data 19/01/2026 17:48:54**
**Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2026 17:49:01**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2026 17:49:08**
**Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2026 17:49:17**
**Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2026 17:49:25**
**Ariadna Fernández González na data 19/01/2026 17:49:35**
**Iria Carreira Pazos na data 19/01/2026 17:49:43**
**José Manuel Golpe Acuña na data 19/01/2026 17:49:53**
**Secundino Fernández Fernández na data 19/01/2026 17:50:00**
**Carmela González Iglesias na data 19/01/2026 17:50:11**
**Sonia Vidal Lamas na data 19/01/2026 17:50:29**
**Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/01/2026 17:50:39**
**Saleta Chao Rivas na data 19/01/2026 17:50:47**
**Óscar Insua Lema na data 19/01/2026 17:50:55**
**María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2026 17:51:02**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2026 17:51:10**
**Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2026 17:51:21**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/01/2026 17:51:29**
**Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2026 17:51:37**
**Cristina Fernández Davila na data 19/01/2026 17:51:44**
**Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2026 17:51:50**
**Iago Suárez Fernández na data 19/01/2026 17:51:57**
**Iria Taibo Corsanego na data 19/01/2026 17:52:04**

CSV: REXPG-OaO3D6eN1-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 17:53:09
Nº Rexistro: 46634
Data envio: 19/01/2026 17:53:09.100

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 17:53:10**

CSV: REXPG-OaO3D6eN1-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.9 45300(12/POP-006405)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a defensa prevista pola Xunta de Galicia dos intereses do sector primario galego no novo escenario aberto polo acordo entre a UE e Mercosur

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45300
Data envío: 13/01/2026 19:55:01.783

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A próxima sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur está xerando unha serie de reivindicacións e manifestacións de gandeiros e agricultores en toda España, tamén en Galicia. Desde o Grupo Parlamentario Popular defendemos os intereses do noso sector primario, tal e como fixemos sempre, e por suposto estaremos ao seu lado neste asunto.

Galicia sempre defendeu ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a esixencia de salvagardas específicas para o sector primario, co obxectivo de que todo produto foráneo cumpra coas mesmas garantías e requisitos que, seguindo as normativas comunitarias, lle son esixibles aos nosos produtores para poder comercializar. Non se pode permitir unha competencia desleal que poña en perigo o futuro do sector.

Neste sentido, nos últimos días estamos escoitando, con preocupación, algunhas declaracións do lado do Mercosur que xeran dúbidas sobre a implantación das cláusulas de salvagarda incorporadas para o sector primario dentro do acordo. Cláusulas que debería defender con máis firmeza o Goberno de España, dado que son unha liña vermella para chegar a poñer en marcha o seu desenvolvemento. Ademais, se finalmente entra en vigor este acordo, é fundamental extremar os controis de fronteira que debe realizar o Goberno central.

A maiores disto, outra preocupación de gandeiros e agricultores que tamén compartimos é as peticións de simplificación e redución da burocracia arredor da Política Agraria Común, especialmente agora que está en proceso de debate e aprobación o novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034. É imprescindible que Europa se dote dunha PAC forte, con fondos suficientes e diferenciados, posto que esta será a maneira de apostar polo relevo xeracional e o desenvolvemento rural en todos os estados membros, especialmente relevante nunha comunidade como a nosa..

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Asinado o día 13/01/2
19:50
Por José Mato Díaz

Gándara

Asinado o día 13/01/2026 ás 19:50
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 13/01/2026 ás
19:50
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

CSV: REXPG-OfBkZYW0p-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45300
Data envío: 13/01/2026 19:55:01.783

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte pregunta oral:

1. Como defenderá a Xunta de Galicia os intereses do sector primario galego no novo escenario a raíz do acordo UE-Mercosur?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

CSV: REXPG-OfBkZYW0p-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45300
Data envío: 13/01/2026 19:55:01.783

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 13/01/2026 19:50:05**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2026 19:50:14**
**José Mato Díaz na data 13/01/2026 19:50:23**
**Enrique Barreiro Sánchez na data 13/01/2026 19:50:39**
**Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 19:50:52**
**Juan Manuel Casares Gándara na data 13/01/2026 19:50:59**
**Nicole Grueira Fernández na data 13/01/2026 19:51:14**
**Ángel Rodríguez Conde na data 13/01/2026 19:51:22**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 13/01/2026 19:51:30**

**CSV:** REXPG-OfBkZYW0p-7
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45300
Data envio: 13/01/2026 19:55:01.783

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 19:55:02**

CSV: REXPG-OfBkZYW0p-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 27.01.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.10 46637(12/PUP-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar consecuencias negativas sobre a frota artesanal galega derivadas do Regulamento europeo de control da pesca que entrou en vigor o 10 de xaneiro

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:07:18
Nº Rexistro: 46637
Data envío: 19/01/2026 18:07:18.651

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre o Regulamento de Control de Pesca da UE.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola recente entrada en vigor de diversas disposicións do Regulamento de Control de Pesca da UE e a súa grave afectación á frota de pesca artesanal galega.

**Exposición de motivos**

En Galiza temos máis de 3.500 barcos de artes menores. Na súa maioría son de 13 metros de eslora e que pescan na contorna das rías de xeito sostíbel. Por iso, as normas da Unión Europea que veñen de entrar en vigor nos prexudican tanto e aínda se agravarán máis a partir do 2030, cando se van estender tamén a todos os barcos de menos de 9 metros, onde se encadran moitos dos do marisqueo a frote.

O sector pesqueiro galego nunca se negou a cumprir normas que controlen os recursos pesqueiros e a súa propia actividade, de feito xa cumpre numerosísimas normas de control a día de hoxe. Pero o que non é viábel é obrigalo, por exemplo, a ter un diario electrónico a bordo onde teñen que comunicar o peso exacto de cada especie que capturen, en barcos nos que é imposíbel ter sistema de pesado rigorosos.

Tampouco é realista obrigalo a notificar a súa chegada a porto con 4 ou 2 horas e media de antelación, cando pescan a media ou unha hora de porto, pegados á costa.

Asinado o día 19/01/2026 ás 17:50
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REXPG-fuCS12ESZ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:07:18
Nº Rexistro: 46637
Data envío: 19/01/2026 18:07:18.651

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No BNG afirmamos en moitas ocasións que este non é un Regulamento nin para a nosa frota artesanal nin para as nosas rías e a súa contorna. Está pensado para outro tipo de barcos máis grandes, e non recoñece a realidade do noso sector.

A propia frota galega leva días amosando o seu rexeitamento e malestar pola aplicación destas obrigas, protagonizando importantes concentracións e manifestacións de protesta en vilas costeiras, ademais de proceder ao amarre dos barcos. As distintas confrarías deixan claro que estas normas son inasumíbeis e que non se tiveron en conta as características e especificidades das frotas artesanais.

Dadas as posibilidades que o propio Regulamento prevé de adaptalo á realidade e dadas as competencias en augas interiores que debe exercer o Goberno galego, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para evitar calquera consecuencia negativa sobre a frota pesqueira artesanal galega que derive da aplicación do Regulamento de Control da Pesca que entrou en vigor o pasado 10 de xaneiro?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2026

CSV: REXPG-fuCS12ESZ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:07:18
Nº Rexistro: 46637
Data envio: 19/01/2026 18:07:18.651

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2026 17:50:26**

CSV: REXPG-fuCS12ESZ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:07:18
**Nº Rexistro: 46637**
Data envio: 19/01/2026 18:07:18.651

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 18:07:19**

CSV: REXPG-fuCS12ESZ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/